



CONCELLO DE
OLEIROS

> SERVIZOS SOCIAIS E IGUALDADE

EXPTE. 2022/CONTRAT/000004

“ APOIO A PERSOAS COIDADORAS” DURANTE O ANO 2022-2023

LOTE 2: REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE “ESTIMULACIÓN“, INTERVENCIÓN CON PERSOAS CON DETERIORO COGNITIVO EN FASE INICIAL DA ENFERMIDADE DE ALZHEIMER E OUTRAS DEMENCIAS DEXENERATIVAS

Informe de avaliación da Calidade do proxecto técnico.

A asociación de familiares de enfermos de alzheimer “AFACO” presenta unha proposta de intervención que segundo os criterios de licitación avaliase nos seguintes termos:

Informe de avaliación da Calidade do proxecto técnico.

A. Concordancia co medio real onde se desenvolven as actividades e grao de coñecemento da situación real en relación coa intervención coas persoas coidadoras nos Servizos Sociais do concello de Oleiros.

Ofrece un proxecto integral de intervención adaptada as capacidades das persoas e o entorno onde desenvolve. Importante no obxectivo proposto polos Servizos Sociais nunha intervención que pretende actuar para reducir os aspectos do deterioro cognitivo na persoa e o entorno co que convive.

B. Adecuación da metodoloxía a utilizar en función dos/as destinatarios/as participantes nas actividades ofertadas

A intervención se fundamenta na importancia dunha intervención global nas fases iniciais do deterioro para conseguir resultados nun momento no que a plasticidade neurocerebral aínda o permite.

Xustifica este enfoque global da intervención co uso dun conxunto de técnicas de intervencións cognitivas, de comunicación, psicomotricidade, música, arteterapia, ludoterapia e risoterapia.

Un modelo de intervención grupal que debe contemplar a constancia, flexibilidade e a personalización.

C. Elaboración e deseño da programación anual da intervención: obxectivos, contidos, metodoloxía, medios asignados, das actividades a desenvolver e seguimento.

O proxecto de intervención é moi completo, desenvolve ao detalle todos os aspectos da intervención: os contidos, estrutura, adaptacións aos usuarios, temporalización...

Incorpora un procedemento de avaliación e seguimento no que aborda os aspectos físicos, sensoriais, cognitivos, psicolóxicos, familiares. Todos estes aspectos se recollen en protocolos elaborados que abarcan todas as fases da intervención.

Desde a valoración neuropsicolóxica inicial, o seguimento diario individualizado e a avaliación a través de test de valoración cognitiva de periodicidade semestral.

D. Equipo profesional



CONCELLO DE
OLEIROS

> SERVIZOS SOCIAIS E IGUALDADE

Non se valora este aspecto xa que non aporta nada a maiores do mencionado nos pregos.

E. Condicións laborais do persoal adscrito

Non aporta nada sobre este aspecto.

Segundo as observacións realizadas e os contidos que desenvolve a proposta presentada pola "Asociación de familiares de enfermos de Alzheimer, AFACO", o proxecto de intervención para o desenvolvemento do:

LOTE 2: REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE "ESTIMULACIÓN", INTERVENCIÓN CON PERSOAS CON DETERIORO COGNITIVO EN FASE INICIAL DA ENFERMIDADE DE ALZHEIMER E OUTRAS DEMENCIAS DEXENERATIVAS

Valórase a proposta de calidade en aspectos de metodoloxía, contidos, concordancia, estrutura, seguimento e avaliación, amosando un coñecemento dos procesos de deterioro cognitivo e a importancia da intervención global no entorno.

Sen embargo, esquece a información referente ao equipo profesional e as condicións laborais mais ala dos reflectidos no prego de condicións.

Por todo considero que debe acadar unha puntuación de 30 puntos.